

Durante os anos 2007-2008, a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, a través da súa Dirección Xeral de Desenvolvemento Sostible, coordinou un proxecto de investigación sobre as evidencias e impactos do cambio climático en Galicia, elemento central do programa de Avaliación de Impactos e Adaptación do Plan Galego de Acción fronte ao Cambio Climático. Este documento analiza as evidencias científicas atopadas, así como os impactos esperables nos diferentes ecosistemas galegos. Máis dun centenar de investigadores e investigadoras pertencentes a universidades e organismos públicos de investigación galegos realizaron un labor profundo de documentación que permitiu, por primeira vez, comparar e discutir todas as evidencias dispoñibles sobre cambio climático no noso territorio. O diagnóstico non deixa lugar a dúbidas: o cambio climático é unha realidade que está a alterar lentamente pero de xeito continuo os distintos ecosistemas galegos. A investigación tamén realizou un esforzo por prognosticar os posibles impactos futuros do cambio climático.

Este estudo científico caracterízase pola súa rigorosidade. Avaliáronse as evidencias e os impactos do cambio climático desde unha perspectiva probabilística, analizando a complexidade das simulacións realizadas cos modelos climáticos. As investigacións levadas a cabo mostran as evidencias que durante as últimas décadas se veñen observando sobre a existencia do cambio climático en Galicia. Así mesmo, este traballo tamén presenta as certezas existentes sobre os cambios vindeiros. Estas non deixan lugar a dúbidas de que o clima, os distintos ecosistemas e o planeta tal e como o coñecemos agora non serán o mesmo no futuro. Quédanos, pois, loitar para mitigar os cambios que se avexiñan (redución de CO₂, reciclaxe, uso adecuado dos recursos naturais, etc.) e adaptarnos na medida do posible a eles.

É así mesmo moi destacable o esforzo realizado na síntese dos resultados máis salientables do estudo en forma de documento executivo, documento este fundamental para unha toma de decisións que, baseada no coñecemento científico, permita deseñar as políticas que conduzan Galicia cara a un modelo de desenvolvemento que integre a evidencia dun territorio en cambio continuo como consecuencia do cambio climático.

Manuel Vázquez Fernández

Conselleiro de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible

